

Tarefas de Historia 4º da ESO para facer na semana do 4 ao 8 de maio

Ola alumnas, Que tal están saer esas primeiras saídas por aí? Estaba todo no seu sitio? Fóchedes responsables? Lembrádevos o que din os Tonechos: Hai que ser legais!!!

Bueno, estanme a chegar correos vosos dicindo se as actividades tédesmas que mandar. NON é necesario. A miña idea é que alá por xuño xa nos poidan deixar movernos algo máis. Así que un día pediría aos vosos pais que se achegaran ao centro coas libretas e eu botareilles un ollo. E se aínda non se pode, xa pensarei algo para poder poñervos unha calificación que sea xusta (esa palabra que tanto se escoita nos instis en época de avaliacións) e que valore -non podería ser doutro xeito- as circunstancias tan dramáticas e excepcionais que estamos a vivir. Iso non quita que, faltaría máis, todas aqueles que me queirades mandar as actividades, eu volas correxirei. Ou se tedes algunha dúbida de calquera cousa que vos xurda, pois para iso estou aquí, dende logo!

Mirade, o importante é que estedes a traballar algo (falo da miña asinatura, evidentemente) e que as tarefas que vos estou a mandar, vos sirvan para aprender algo de Historia e, por outra banda, que non perdades de ter unha mínima rutina de traballo (xa sei, xa sei, que algúns ata a última semana non van facer nada: MALLLLLLL) En canto as calificacións, como xa dixen máis arriba podedes estar tranquilos. Eu teño moi claro que a miña asinatura vádela superar a gran maioría de todas vós con que estedes a traballar esas actividades que vos mando semanalmente.

E pouco máis podo dicir ao respecto. Eu apelo á vosa responsabilidade: non estou nas vosas casas para observar o que facedes ou deixades de facer. Entre outras cousas, porque me gusta confiar nas persoas e nunca tiven maior interese en fiscalizar ou vixilar o que fan as persoas. Para iso tería escollido outro tipo de profesión. Por riba de todo, pretendo que aprendades a ser persoas con uns valores que vos fagan crecer, madurar. E para iso, que mellor momento que aproveitar esta situación e que sexades vós os que, chegado o momento, saberedes se, o que fixéchedes ao longo destes meses de confinamento merece ter como resultado dicir: “penso que aproveitei o tempo e merezo ter superada a materia de Historia”. Parcévos correcto? Non vos queda outra, eu son o “Lidél Supremo”.

Bueno, resoltas (espero) estas cuestións de loxística evaluativa, voltamos ao interesante: O século XIX e as súas principais ideoloxías políticas e movementos sociais. Esta semana precisamente, coa celebración do 1º de Maio, festa do traballador, un tanto bastante descafeinada por culpa do confinamento, imos aprender algo sobre o movemento obreiro e as súas ideoloxías claves: o marxismo e o anarquismo.

Entón, imos facer así:

- Facemos todas as actividades (25-30) das páxinas 85 e 87
- Lemos o texto sobre o traballo das mulleres nas fábricas das páxinas 92 e 93. A continuación tedes que escribirme unhas tres-cinco liñas sobre aquel ou aqueles aspectos que máis vos chamaran a atención, os indignaran ou, simplemente, que vos lembraran cousas que, aínda hoxe en día, seguen a acontecer.
-

E iso é todo por esta semana, queridos alumnas. Desculpade polo “ladrillo” que vos mandei na introducción pero penso que era importante aclarar certas cuestións. Desfrutade da “desescalada”, eu tamén o farei. E sobre todo, apreciade a vida! Con cousas pequenas pódese ser feliz: un pequeno chalet, un pequeno coche deportivo, un pequeno iate... (Groucho Marx)